

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 481/2014

En data 30.04.14 foron aprobados por Resolución de Alcaldía nº 154/2014 os Pregos de condicións que rexen a adxudicación do contrato de arrendamento na súa modalidade de aluguer social de finca urbana, mediante concurso, para o seu uso como vivenda, no termo municipal de Ponte Caldelas.

En data 04.07.14 procedeuse á apertura dos sobres A e requíruselle ós interesados para que nun prazo de 3 días, presentasen o sobre B.

Nese prazo o interesado con nº de licitador 2101 desiste do procedemento. Os demais presentan o sobre B.

En data 18.07.14 ás 9:30 horas na Casa do Concello procedeuse á apertura do sobre B e, unha vez puntuadas as solicitudes, confecciónase a seguinte lista provisional coa súa puntuación correspondente, e os excluídos coa causa de exclusión.

En data 21.10.2014 mediante resolución de alcaldía Nº 427/2014 aprobouse a lista de admitidos e excluídos e procedeuse a súa publicación no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas outorgando un prazo de 10 días dende a súa publicación para que os solicitantes puidesen presentar alegacións.

A vista que transcurriu o prazo citado sen que se presentasen alegacións.

Dado que nos Pregos, na cláusula 6, establece que a Mesa de contratación, á vista da lista resultante e os criterios de valoración establecidos, unha vez informados polos servizos sociais do Concello, propondrá motivadamente ao órgano de contratación a adxudicación do contrato a favor dun licitante, establecendo unha orde de puntuación, quedando os demais na lista de reserva que será elaborada convocouse a mesa de contratación para o 7 de novembro de 2014 as 9:30 horas.

A vista do Informe de servizos sociais de data 17 de setembro de 2014 a mesa de contratación fixo a seguinte proposta; "**Primeiro:** Propoñer como adxudicatario, obxecto do contrato, ó solicitante indentificado co número **2219, e comunicándoselle esta proposta ao interesado.**

Segundo: rexeitar o resto das solicitudes identificadas cos números 1980-2089-2101-2107 e 2183."

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o órgano de contratación resolveu propoñer como adxudicatario, do contrato de arrendamento de una das vivendas, propiedade deste Concello situadas na Parroquia Caritel deste Municipio por un precio de 100 € mes, o ter o adxudicatario una renda inferior o 75% do IPREM, para destinalo a aluguer social, ó solicitante indentificado co número **2219, e comunicándoselle esta proposta aos interesados.**

Con data 14 de novembro de 2014, Nº RE 4062, presentouse escrito por parte do adxudicatario no que renunciaba a dito procedemento por diversas razóns.

A vista de que o artigo 90.1 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común establece o seguinte; "*1. Todo interesado*

poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo Ordenamento Xurídico, renunciar aos seus dereitos."

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro,

RESOLVO

Primeiro: Aceptar a renuncia como adxudicatario, do contrato de arrendamento de unha das vivendas, propiedade deste Concello situadas na Parroquia Caritel deste Municipio por un precio de 100 € mes, o ter o adxudicatario una renda inferior o 75% do IPREM, para destinalo a aluguer social, presentada por o solicitante indentificado co número 2219, e comunicándoselle esta proposta aos interesados.

Segundo: Que se declare concluso o procedemento dado que o resto das solicitudes para tomar parte do procedemento foron rexeitadas por resolución de Alcaldía de data 7 de novembro de 2014, de conformidade con o Informe de servizos sociais de data 17 de setembro de 2014.

Terceiro: De conformidade con o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas declarar a vixencia da lista elaborada por os servizos sociais do Concello (lista que se atopa valeira o non cumprir o resto das persoas que presentaron oferta os requisitos do Prego) en tanto non se abra un novo prazo para a mesma finalidade. Durante o prazo de vixencia da lista aquelas persoas que non participasen inicialmente e cumpran os requisitos poderán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos mesmos, así como a documentación necesaria para que se realice a baremación da súa solicitude, presentando para iso as solicitudes correspondentes nos modelos normalizados que figuran no Anexo I e II do Prego de Cláusulas Administrativas, no rexistro da Corporación. Esa solicitude unha vez baremada polos servizos sociais deste concello será incluída na lista de reserva na posición que lles corresponda en función da citada valoración, a fin de que resultase adxudicatario as solicitudes que figurasen primeiras na lista en función da baremación e puntuación obtida.

Cuarto: Que se publique a presente Resolución no Taboleiro e no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

Mándao e asinao o Sr. Alcalde, D. Perfecto Rodríguez Muíños, en Ponte Caldelas, a 19 de novembro de 2014, do que, como Secretario, dou fe

O Alcalde,

Asdo.: Perfecto Rodríguez Muíños



O Secretario,

Asdo.: Jacobo Barreiro Pimentel